



## PERSOAS QUE VAN INTERVIR NAS XORNADAS

XOVES, 10 DE FEBREIRO

**MANUEL NÚÑEZ SINGALA.** *En galego, por que non?*

Escritor e director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela. O ensaio e os traballos de investigación sobre cuestións relacionadas coa normalización do idioma ocupan boa parte do seu tempo. Froito destas reflexións xorde o libro *En galego, por que non?*.

**SILVIA PENAS ESTÉVEZ** *Recursos para traballar a oralidade. Obradoiro de Slam*

Poeta, performer e creadora. Exerceu de profesora de Lingua e Literatura galega. Participa na creación do proxecto de poesía escénica *Cintaadhesiva*. Profesora de obradoiros de Slam no CIOV e noutros centros e asociacións.

XOVES, 17 DE FEBREIRO

**LOURDES LORENZO GARCÍA** *Obradoiro de subtitulación*

Profesora do Departamento de Tradución e Lingüística da Facultade de Tradución e Interpretación da Uvigo. Ensina audiovisual a nivel de grao, posgrao e doutoramento. Realizou investigacións nesta área durante o últimos vinte anos, con especial interese na subtitulación para persoas xordas e con discapacidade auditiva

**KIKE FONTÁN LORENZO** *Recursos en liña e ciberseguridade*

Informático experto en ciberseguridade. Ten impartido nos centros de ensino vigueses obradoiros sobre ciberseguridade, e participado nas xornadas sobre ciberseguridade: "Ameazas na rede: como detectalas e como enfrontarse ante elas", así como noutras conferencias sobre esta temática.

**OLGA NOGUEIRA FERNÁNDEZ** *Unha semana enteira*

Profesora de lingua e literatura galega no IES Ricardo Mella



XOVES, 24 DE FEBREIRO

## **XANDOBELA**

*O xogo como recurso pedagóxico e normalizador*

**Xandobela** é a terceira persoa do singular do verbo Xandobelar, unha palabra collida da xerga dos canteiros que significa xogar. As habitantes desta casa e cociñeiras deste proxecto convidamos a xandobelar a grandes e pequenas, porque para nós o xogo é unha actitude fundamental nas persoas, unha marabillosa ferramenta que nos permite educar, compartir, cooperar, coñecer, construír, crear, soñar, descubrir, experimentar... desde a alegría e o divertimento. En Xandobela todo é xogo, e xogando é como aprendemos e construímos.

Xandobela é unha iniciativa de Educación Non-Formal e Dinamización Sociocultural nada no 2005 en Compostela, con vocación universal radicada na realidade galega. Traballamos os vellos eidos da cultura e da relación entre as persoas, favorecendo a actitude integradora, creativa e lúdica.

## **COLOMA ROMERO CAMPOS**

Profesora do CEP, Celso Emilio Ferreiro

## **AULAS GALEGAS**

*Recursos educativos para profesorado, alumnado e familias*

**Aulas galegas** é un portal educativo realizado por un colectivo de profesoras e profesores sen ánimo de lucro que cremos que ante a situación de illamento provocada polo coronavirus Covid-19 debemos ofrecerlle unha axuda educativa á sociedade.

Aulas galegas nace para axudar ao alumnado, ás familias e o resto de profesorado a atopar recursos e materiais educativos en galego.

**Para o alumnado e as súas familias** material clasificado por nivel académico e materia para as etapas de Educación Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato. Compártense contidos educativos de elaboración propia feitos especificamente para esta iniciativa e tamén outros que xa existen e que paga a pena divulgar. **Para o profesorado** creáse unha sección organizada por departamentos didácticos onde se poidan atopar páxinas doutro profesorado galego desas materias.